




Luis Tosar



Categoría: Actor

Data de Nacemento: 13 de outubro de 1971

Lugar de Nacemento: Xustás, Cospeito (Lugo)



Web oficial de Luis Tosar

Curriculum

Comeza no campo do teatro e da curtametraxe para logo ser coñecido pola súa presenza na serie de Televisión de Galicia "Mareas Vivas", serie que o lanzou á fama en Galicia. En febreiro de 2003 foi elixido Galego do Mes por El Correo Gallego.

Foi premiado como Mellor Actor nos Premios Goya da "Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España" en 2004 por "Te doy mis ojos" e Mellor Actor de Reparto en 2003 por "Los lunes al sol". Na edición de 2009 repite premio ó Mellor Actor pola súa interpretación en "Celda 211". Traballou con prestixiosos directores españois como José Luis Borau, Manuel Gutiérrez Aragón, Joaquín Oristrell, Iciar Bollain, Fernando León de Aranoa ou Daniel Monzón.

No campo internacional traballou con directores como Michael Mann en "Miami Vice" (2006), con Jim Jarmusch en "Limits of Control" (2009) e con Bernad Rose en "Mr. Nice" (pendente de estrea).

O pasado verán acabou de rodar ás ordes de Jaume Balagueró a película "Mientras Duermes", actualmente en postproducción, pendente de data de estrea.

En 2011 é o protagonista de "A ópera dos tres reás", a nova produción propia do CDG, dirixida por Quico Cadaval e baseada nun dos textos dramáticos máis célebres de Bertold Brecht, convertido en espectáculo de cabaret polo compositor Kurt Weill.

Obras realizadas

Cine:

- 2011. "Mientras Duermes". Longametraxe. Jaume Balagueró.
- 2011. "También la lluvia". Longametraxe. Iciar Bollain.
- 2010. "18 Comidas". Longametraxe. Jorge Coira.
- 2010. "Flatmate". Longametraxe. Jaume Balagueró (en rodaxe).
- 2010. "Lope". Longametraxe. Andrucha Waddington.
- 2010. "Mr Nice". Longametraxe. Bernard Rose.
- 2010. "O Apóstolo". Longametraxe. Fernando Cortizo.
- 2009. "Celda 211". Longametraxe. Daniel Monzón. Goya Mellor Actor Protagonista.
- 2009. "The Limits Of Control". Longametraxe. Jim Jarmusch.
- 2008. "Afranio". Documental. Víctor Coyote.
- 2008. "La Noche que Dejé de Llover". Longametraxe. Alfonso Zarauza.
- 2007. "Hotel Tivoli". De Antón Reixa.
- 2007. "Casual Day". Longametraxe. Max Lemcke.
- 2006. "Miami Vice". Longametraxe. Michael Mann.
- 2006. "Las Vidas de Celia". De Antonio Chavarrías.
- 2006. "Cargo". De Clive Gordon.
- 2005. "La Noche del Hermano". De Santiago Gardá de Leániz.
- 2004. "Inconscientes". De Joaquín Oristrell.
- 2004. "La vida que te espera" de Manolo Gutiérrez Aragón. Nominado Mellor Actor Europeo 2004.
- 2003. "Te doy Mis Ojos" de Iciar Bollain. Goya Mellor Actor Protagonista. Cuncha de Prata Mellor Actor Festival Internadonal de Cine de San Sebastián.
- 2003. "La Flaqueza del bolchevique" de Manuel Martín Cuenca.
- 2003. "El Lápiz del Carpintero" de Antón Reixa.
- 2002. "Trece Campanadas" de Xavier Villaverde.
- 2002. "Los Lunes al Sol" de Fernando León. Goya Mellor Actor Secundario.
- 2001. "Visionarios" de Manuel Gutiérrez Aragón.
- 2001. "Sin Noticias de Dios" de Agustín Díaz Yanes.
- 2000. "Leo" de José Luis Borau.
- 2000. "El corazón del guerrero" de Daniel Monzón.
- 2000. "Besos para todos" de Jaime Chávarri.

Se estás navegando consideramos que acepta el uso de cookies. **OK** Más información

2000. "Sé quién eres" de Patricia Ferreira.
 1999. "Flores de otro Mundo" de Iciar Bollain. Nominado Goya Mellor Actor Revelación.
 1999. "Celos" de Vicente Aranda.

Televisión:

1998. "Mareas Vivas" TVG, de Antón Reixa.
 1998. "Xabaxira del Xabarán Club" TVG, de Antón Reixa.
 1997. "Café con Leche". Antena 3, de José Frade.

Teatro:

2011. "A Ópera de Tres Reás", de Bertold Brecht, dirixido por Quico Cadaval.
 2006. "Hamlet" Dirixido por Lino Braxe.
 2005. "El Zoo de Cristal" Dirixido por Agustín Alezzo.
 2001. "La Cena de los Idiotas" Dirixido por Paco Mir.
 1996. "Escuela de Bufones" Dirixido por Quico Cadaval, Cándido Pazó e Fabio Mangolini.
 1996. "Magical Brothers" compañía de cabaret.
 1995. "Squash" da compañía Marías.

Outros datos de interese

Premios:

2011. Premio Málaga Sur pola súa traxectoria profesional. Festival de Cine de Máaga.
 2011. Premio de Honor Fernando Rey, Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual.
 2011. Nominado ó Premio Goya ó Mellor Actor Principal por "También la Lluvia".
 2011. Nominado ó Premio Círculo de Escritores Cinematográficos ó Mellor Actor por "También la Lluvia".
 2011. Premio Cinematográfico Jose María Forqué, Instituído por EGEDA como Mellor Actor por "También la Lluvia" (2010).
 2010. Nominado Premios Europeos pola European Film Academy ó Mellor Actor Principal por "Celda 211" (2009).
 2010. Ganador do Premio Golden Space Leedle do Festival Internacional de Cine de Seattle como Mellor Actor por "Celda 211" (2009).
 2010. Premio Goya ó Mellor Actor Principal por "Celda 211" (2009).
 2010. Premio Círculo de Escritores Cinematográficos ó Mellor Actor por "Celda 211".
 2010. Premio ACE (Asociación de Cronistas de Espectáculos de Nova York) como Mellor Actor por "Celda 211" (2009).
 2010. Premio Cinematográfico Jose María Forqué, Instituído por EGEDA como Mellor Actor por "Celda 211" (2009).
 2010. Premio Fotogramas de Plata ó Mellor Actor de Cine por "Celda 211" (2009).
 2010. Premio da Unión de Actores ó Mellor Protagonista de Cine (Categoría Masculina) por "Celda 211" (2009).
 2010. Nominado ó Premio Mestre Mateo 2009 da Academia Galega do Audiovisual á Mellor Interpretación Masculina Protagonista por "Celda 211" (2009).
 2007. Premios Mestre Mateo 2006 da Academia Galega do Audiovisual á Mellor Interpretación Masculina Protagonista por "Cargo" (2006).
 2005. XLV Festival de Cine de Cartagena de Indias (Colombia). Premio ó Mellor Actor por "Te doy mis ojos".
 2005. Nominado ós Premios Europeos de Cine como Mellor Actor por "La Vida que te Espera" (2004).
 2004. Premio Turia ó Mellor Actor por "Te doy mis ojos" (2003).
 2004. Premio Goya ó Mellor Actor Principal por "Te doy mis ojos" (2003).
 2003. Premio Goya ó Mellor Actor de Reparto por "Los Lunes al Sol" (2002).
 2004. Premio Fotogramas de Plata ó Mellor Actor de Cine por "Te doy mis ojos" (2003).
 2004. Premio Círculo de Escritores Cinematográficos ó Mellor Actor por "Te doy mis ojos" e por "La Flaqueza del Bolchevique".
 2004. Premio ó Mellor Actor do Festival de Cine Mar del Platapor "El Lápiz del Carpintero" (2003).
 2004. Premio ó Mellor Actor do Festival de Cine de Miami por "La Flaqueza del Bolchevique" (2003).
 2004. Nominado ó Premio ACE como Mellor Actor de Reparto por "Los Lunes al Sol" (2002).
 2003. Ganador da Cunca de Plata ó Mellor Actor do Festival de Cine de San Sebastián por "Te doy mis ojos" (2003).
 2003. Premio San Jordi ó Mellor Actor Español por "Los Lunes al Sol" (2002).
 2004. Ganador do Premio Golden Space Leedle do Festival Internacional de Cine de Seattle como Mellor Actor por "Te doy mis ojos" (2003).
 2004. Premio da Unión de Actores ó Mellor Protagonista de Cine (Categoría Masculina) por "Te doy mis ojos" (2003).
 2004. Ganador do Círculo de Ouro ó Mellor Actor do Festival Internacional de Cine de Copenhague por "Te doy mis ojos" (2003).
 2003. Premio da Unión de Actores ó Mellor Secundario de Cine (Categoría Masculina) por "Los Lunes al Sol" (2002).
 2003. Premio Círculo de Escritores Cinematográficos ó Mellor Actor Secundario por "Los Lunes al Sol" (2002).
 2000. Nominado ó Premio Círculo de Escritores Cinematográficos como Mellor Actor Secundario por "Flores de otro mundo" (1999).
 2000. Nominado ós Premios Goya como Mellor Actor Revelación por "Flores de Otro Mundo" (1999).

 English  Español Me gusta 0 Tweet 0

Outlet El Corte Inglés

 Primeriti.es/Outlet

Primeras Marcas a Precios Outlet ¡Regístrate en Primeriti!



Internet Galicia | Aviso Legal | Ley de protección de datos

Usamos cookies propias y de terceros para mostrar publicidad personalizada según su navegación.
 Si continúa navegando consideramos que acepta el uso de cookies. **OK** Más información



Federico Martinón Torres



Categoría: Médico, doutor, pediatra, investigador

Data de Nacemento: 2 de xullo de 1971

Lugar de Nacemento: Ourense

Correo electrónico: Formulario de contacto

Curriculum

Licenciouse, graduouse e doutorouse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela coas máximas calificacións. Recibiu o Premio Fin de Carreira da Real Academia Nacional de Medicina e Cirurxía (1995), o Premio Fin de Carreira da Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia (1995), o Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma Galega (1995), o Premio Extraordinario de Licenciatura da Facultade de Medicina e Cirurxía de Santiago (1996), o Premio ó Mellor Médico Residente do Hospital Clínico Universitario de Santiago (2000), e o Premio Nacional ó Mellor Médico Residente de tódalas especialidades do ano 2000, así como outros vinte premios e bolsas outorgados a distintos traballos científicos de investigación (1996-2005), os máis recentes o Premio Barrié de la Maza da Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia (2006), e o Premio de Investigación da Real Academia Nacional de Medicina e Cirurxía (2006). Pediatra, especialista nos nenos máis graves, completou a súa formación clínica no Hope Children's Hospital de Chicago e no Children's Memorial Hospital de Chicago.

Obras realizadas

Actualmente é do Servizo de Críticos, Intermedios e Urgencias Pediátricas do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Ten publicado ata o día de hoxe máis de 150 artigos (factor impacto persoal de 80) e 60 capítulos en revistas e libros nacionais e internacionais, e realizado máis de 200 presentacións e relatorios en diferentes congresos nacionais e internacionais, así como conferencias invitadas en diferentes institucións en Europa, EEUU e Australia.

Outros datos de interese

Forma parte activa de máis de trinta comités editoriais ou profesionais nacionais e internacionais. Os seus principais intereses investigadores actuais céntranse na terapia con heliox, a bronquiolite aguda, a ventilación de alta frecuencia, a ventilación non invasiva, o shock séptico, o síncope vasovagal, a enfermidade meningocócica e as vacinas.

English Español

Tweet 0

Movistar Fusión Mini 4G

promocionmovistar.es/fusion

Contrata Movistar Fusión Mini 4G por 34,90€/mes. Alta Gratis.



Internet Galicia | Aviso Legal | Ley de protección de datos



Información

GaliciaDigital
Concellos
Turismo Galicia
Institucións
Galicia en Europa
Agenda
Feiras
Xuventude
Asociacións

Cultura

Cultura Galega
Día das Letras Galegas
Camiños a Santiago
Semana Santa Gallega
Galegos
Educación Galicia
Entroido

Empresas

Empresas
Webs
Automoción
Moda Galega
Escaparate Galego
Empleo
Construción
Comunicación
Internet Galicia

Síguenos en:

Facebook
Twitter
Google
RSS

Usamos cookies propias y de terceros para mostrar publicidad personalizada según su navegación.

Si continúa navegando consideramos que acepta el uso de cookies. **OK** Más información



A B C D E F G H I J K L M N O P Q R S T U V W X Y Z

Manuel C. Núñez Singala



Categoría: Filólogo e escritor

Data de Nacemento: En 1963

Lugar de Nacemento: Lugo

Teléfono: 981528018

Correo electrónico: Formulario de contacto

Currículum

Licenciado en Filoloxía Hispánica (Subsección de Filoloxía Galego-portuguesa) pola Universidade de Santiago de Compostela, foi tradutor da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia e, dende 1988, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. É coordinador da Comisión Técnica de linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega e membro do Comité internacional da Rede Panlatina de Terminoloxía.

Obras realizadas

OBRAS REALIZADAS:

LITERARIA: É autor dunha obra de teatro, 'O achado do castro' (Sotelo Blanco, 1991), gañadora do Premio Xiria de Creación Teatral, da que leva vendidos máis de dez mil exemplares e que foi representada en numerosos lugares de Galicia así como en Madrid, Caracas ou México. Tamén é autor da novela 'Mar de fondo' (Galaxia, 1997) Na actualidade ten no prelo unha nova obra de teatro. Participou nos volumes colectivos 'Minirelatos' (Lib. Cartabón, 2000) 'Longa lingua' (Xerais, 2002), 'Sempre Mar' (Asoc. Cultural Benito Soto, 2003). Tamén ten publicados outros relatos e algún poema en varias revistas.

FILOLÓXICA: É coautor ou coordinador dos seguintes libros: 'A información en galego', Edicións Lea, Santiago (1996), en colaboración 'Mellorando os Servizos' (2 volumes) USC (1997) e coordinador de 'O idioma na Universidade de Santiago de Compostela', USC (1998). Ademais, colaborou como coordinador nun Curso de Lingua Galega para non galegofalantes, Xunta de Galicia (2000) e en varios artigos.

Outros datos de interese

Páxina web: www.usc.es/snlus

 English  Español

Cursos Gratuitos 2013

en www.TuMaster.com

Cursos Gratis, Subvencionados. Con Descuentos. Con Bónus de Empleo.



Internet Galicia | Aviso Legal | Ley de protección de datos



Información

GalegoDigital
Concellos
Turismo Galicia
Institucións
Galicia en Europa

Agenda
Feiras
Xuventude
Asociacións

Cultura

Cultura Galega
Día das Letras Galegas
Camiños a Santiago
Semana Santa Galicia

Galegos
Educación Galicia
Entreido

Empresas
Webs
Automoción
Moda Galega
Escapate Galego

Empresas

Empleo
Construción
Comunicación
Internet Galicia

Síguenos en:

Facebook
Twitter
Google
RSS

Usamos cookies propias y de terceros para mostrar publicidad personalizada según su navegación.

Si continúa navegando consideramos que acepta el uso de cookies. **OK** Más información



Jorge Mira Pérez



Categoría: Profesor, investigador e divulgador científico

Data de Nacemento: 30 de outubro de 1968

Lugar de Nacemento: Baio (A Coruña)

Teléfono: 881 814 028

Fax: 881 814 112

Correo electrónico: Formulario de contacto

Currículum

Licenciado en Física pola Universidade de Santiago de Compostela (1991), doutor en Física (1995), doutor europeo en Física (1995).

Actualmente é Catedrático de Electromagnetismo na Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela.

Obras realizadas

A súa actividade investigadora está centrada no estudo do magnetismo en sólidos e a nanotecnoloxía, nas seguintes liñas de investigación: análise de sistemas con ferromagnetismo feble, propiedades de nanopartículas magnéticas, magnetismo de baixa dimensionalidade, anisotropía magnética en vidros metálicos, magnetorresistencia e materiais dieléctricos. En ditos temas ten publicado máis de 100 artigos de investigación en revistas internacionais e realizado máis de 100 comunicacións en congresos nacionais e internacionais. Tamén se dedica ao estudo de sistemas de falantes con idiomas en competición.

En 2010 publicou o libro de divulgación científica "A ciencia no punto de mira" (dúas edicións esgotadas) que se traduciu tamén ao castelán.

Colaborador científico en programas de TVE-Galicia, da Radio Galega, de Onda Regional Murcia, da Televisión de Galicia e do xornal La Voz de Galicia, onde ademais é columnista científico. É tamén o responsable do programa "ConCiencia", unha acción de divulgación científica artellada en torno á visita a Galicia de Premios Nobel ou o seu equivalente en matemática e ciencias da computación. Ao abeiro deste programa organiza ademais o Premio Fonseca de comunicación da ciencia.

Outros datos de interese

Premio extraordinario de doutoramento.

Finalista do Premio 'Investigador Novel', da Real Sociedad Española de Física (1999).

Premio de Investigación en Ciencia e Tecnoloxía da Deputación de Pontevedra (2001).

Premio da Real Academia Galega de Ciencias (2002).

Premio especial del jurado, como titor, do VIII Certamen Universitario Arquímedes de Introducción a la Investigación Científica, da Dirección General de Política Universitaria do Ministerio de Educación (2009)

Premio do Colegio Oficial de Físicos de España (2010).

XXXIV Premio da crítica Galicia - modalidade de investigación (2011)

Mención de Honor - Premio de investigación da Real Academia Galega de Ciencias (2011)

Premios de divulgación científica:

Premio 'Física en Acción', da Real Sociedad Española de Física (2000).

Mención de Honor do Premio 'Ciutat de les arts i de les ciències de Valencia' (2001).

Premio Nacional 'Ciencia en Acción', do MEC e o EIROForum (2005).

Medalla de Honor "Ciencia en Acción" (2010).

Premio "José María Savirón" de divulgación científica, da RSEF, RSEQ, RSME, COQ, CGE, COFIS, FZCC, RACZ, UZ, CSIC (2011).

Premio da Real Sociedad Española de Física - modalidade de ensinanza e divulgación de la física (2012).

Outros premios:

Usamos cookies propias y de terceros para mostrar publicidad personalizada según su navegación.

Si continua navegando consideramos que acepta el uso de cookies. **OK** Más información

Destacado na portada do número conmemorativo do décimo aniversario da sección "Next Wave" da revista Science, pola combinación da actividade de profesor universitario e divulgador científico (2005).

"Galego do ano" do Padroado Fogar de Bergantiños (2008).

Premio Faro Nerio (2009).

Premio "Labor universitaria do ano", outorgado polo xornal Santiago Siete (2009).

Premio da Asociación de Profesionais do Turismo da Costa da Morte (2010).

Elixido "Gallego del mes" polo Grupo de Comunicación Correo Gallego (2010).

Premio Radio Nordés en ciencias - Cadena SER (2010).

Elixido "Personaje del año" polo diario La Voz de Galicia -delegación Carballo / Costa da Morte- (2010).

Director do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

Director da colección de divulgación científica da editorial da Universidade de Santiago de Compostela.

Membro do consello editorial da Revista Española de Física (da Real Sociedad Española de Física).

Cofundador do nodo de 'Nerd Nite' de Santiago de Compostela (o primeiro en España).

Membro do panel de revisores de varias revistas internacionais, voceiro e responsable da "Comisión Labarta Pose para o Día das Letras Galegas", supervisor de tests de ingreso da asociación "Mensa" en Galicia. Foi membro da Asamblea da Federación Gallega de Ajedrez e directivo da agrupación deportiva "Su a Agra".

No ámbito deportivo foi xogador da Primera División Galega de Xadrez, obtivo títulos en campionatos de baile de salón, esgrima, carreiras populares, natación e taekwondo.

Páxina web: <http://www.usc.es/fagms/Grupo/Mira.htm>

English

Español

Me gusta 0

Tweet 0

Curso Perito Calígrafo

Perito.Surge.es

Cursos: Perito Calígrafo Judicial. Gran Salida Laboral - Infórmate !



[Internet Galicia](#) | [Aviso Legal](#) | [Ley de protección de datos](#)



Información

Galicia Digital
Concellos
Turismo Galicia
Institucións
Galicia en Europa

Agenda
Feiras
Xuventude
Asociacións

Cultura

Cultura Galega
Día das Letras Galegas
Camiños a Santiago
Semana Santa Galicia

Galegos
Educación Galicia
Entroido

Empresas

Empresas
Webs
Automoción
Moda Galega
Escaparaté Galego

Empleo
Construción
Comunicación
Internet Galicia

Síguenos en:

Facebook
Twitter
Google
RSS

Usamos cookies propias y de terceros para mostrar publicidad personalizada según su navegación.
Si continua navegando consideramos que acepta el uso de cookies. **OK** Más información